

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 07/12/1954

Colección:

Data: 07/12/1954

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

México, D. F. (de distrito capital), México (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita co escudo dos Estados Unidos Mexicanos, o logotipo da FAO e o membrete:] CENTRO LATINOAMERICANO DE CAPACITACIÓN PESQUERA / PATROCINADO POR EL GOBIERNO DE MÉXICO Y LA ORGANIZACIÓN DE LAS NACIONES UNIDAS, PARA LA AGRICULTURA Y LA ALIMENTACIÓN / AQUILES SERDAN 29-602 / MÉXICO, D.F. / TEL. 12-16-50

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Literatura;

Mencionados:

Jesús Bal y Gay; Arturo Souto;

Transcripción da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 07/12/1954

México D.F. 7 dec. 1954

Querido Luís:

Con moito apresuramento, contesto a tua derradeira. Van dous dibuxos de Souto. Aínda fixo mais, que teño no meu poder. Dos dous podes escoller o que mellor se axeite. Un representa o anxo do door, e outro a door do pobo. Souto non se decide i-eu coido que calquera pode representalo ben.

Prometéu darme n-estes días as fotos e algún dibuxo, e notas, pro traballo a publicar en Galicia Emigrante.

Estuvo en Cuba, onde expuxo con moito eisito. Volve alí dentro de pouco, pra seguir a Galiza. Tamén falei con Bal e agardo o retrato e as notas. Cando teña este material tentaréi facer algun artigo ou darlle xeito pra publicar na Revista.

Teño algúns artigos sobre México, ilustrables con boas fotos. México ten cidades maravillosas –Tasco, Guanajuato...– e outros lugares chegos d-intrés etnográfico e paisaxístico –Pátzcuaro, Veracruz, Acapulco...– Non hai moita relación co-a galegidade neste temas, senon é a maneira de tratar. Si queres podo enviar algún traballo d-esta xeira pol-as terras quentes e, despois, xa decidirás sobre continuar ou non a publicación.

No poema quero facer algunha corrección leve. Como o 11 ou o 12 penso sahir pra New York e seguir a Galiza, espero as probas en Vigo.

Moitas gracias. Apertas cordiaes de

Valentín.

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.